

**DON FERNANDO MANUEL GARRIDO NEGREIRA, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO
DE CAMBRE (A CORUÑA)**

CERTIFICO:

Que consultada a acta do Pleno municipal do día trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro, consta que na dita sesión adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

«2. PARTE RESOLUTIVA

(.../...)

2.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DO XVI CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2024 DO CONCELLO DE CAMBRE

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 8 de outubro de 2024 (CVD: FYzkRp73yfms6BgJf0H8), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, PATRIMONIO E TURISMO

Tendo en conta que o concello de Cambre, a través da súa Axencia de Desenvolvemento Local, ven promovendo actuacións de cara a dinamizar o tecido empresarial en xeral e os sectores comercial, os servizos persoais e a hostalería, en particular, debido ao seu elevado peso específico na economía local do seu territorio.

Tendo en conta que dende o ano 2003 vense desenvolvendo o Concurso de Escaparates do Nadal, que logo de varios anos nos que non se celebrou, volveu a retomarse no ano 2019 cuns resultados moi satisfactorios, polo que se considera necesaria a súa continuidade, xa que é un programa de actuación consolidado con gran aceptación entre o empresariado do municipio e o público en xeral.

Tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Cambre pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Tendo en conta que, a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as Entidades Locais non poderán exercer competencias que non estean atribuídas como propias ou delegadas, agás que tal exercicio non poña en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo con outra administración pública, en relación coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se establece no seu artigo 3º punto 3 “... *En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias: apartado a) La continuidad en la prestación de los servicios ya establecidos...*”, e no apartado “b) *La continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores así como la realización de nuevas actuaciones de fomento que habrían sido ya establecidas en los proyectos de establecimiento de servicios objeto de los informes de inexistencia de duplicidades y sostenibilidad financiera previstos en esta Ley*”, pode concluírse que a XV edición do Concurso de escaparates do Nadal non constitúe unha nova subvención ou competencia municipal, senón que é a continuidade dunha actividade xa establecida en exercicios anteriores, sen que se teña

constancia de execución de accións simultáneas de fomento co mesmo obxecto entre as administracións públicas provincial, autonómica ou estatal (non simultaneidade), existindo de igual forma crédito para a súa realización.

Por outra banda, a perturbación que atravesamos a economía mundial na actualidade, derivada das tensións xeopolíticas, da crise enerxética e do cambio de rumbo da política monetaria motivada polo risco de cronificación da inflación, o incremento dos custos e o cambio de hábitos de consumo, fan que o noso Concello tome especial conciencia da situación pola que están pasando as nosas empresas e, polo tanto, siga apoiando e potenciando aos establecementos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias derivadas da coxuntura á que nos estamos a enfrontar. Con este Concurso preténdese ademais de potenciar e xerar un maior volume de vendas, valorar e recompensar o traballo e esforzo que nestas datas tan sinaladas fan os/as nosos/as comerciantes, empresarios/as, hosteleiros/as e profesionais cara a consecución dun bo ambiente do Nadal.

As circunstancias anteriormente descritas están afectando de forma moi significativa a comercios, servizos persoais e hostalería, en definitiva, ao noso tecido empresarial máis próximo, cunha caída dos seus ingresos e do emprego xerado, motivados polo descenso nos consumos e pola falta de liquidez. Isto, unido aos cambios nos hábitos de consumo, as novas fórmulas de comercialización e ao incremento dos centros e espazos comerciais que se están a instalar na nosa área metropolitana nos últimos anos, lévanos a manter liñas de actuación como a presente. Por medio da mellora da imaxe dos nosos establecementos, creando espazos comerciais máis atractivos para o/a consumidor/a, fomentando a utilización de técnicas de márketing e merchandising entre as nosas empresas, concienciando aos nosos/as empresarios/as da importancia da imaxe do seu establecemento para mellorar as súas vendas e promover as vendas no noso Concello, contribuírase a facer máis atractivos os establecementos, logrando que estes sexan máis competitivos, fomentando o consumo no municipio por parte dos veciños/as e dos da área metropolitana e fidelizando á clientela.

Vistos os resultados das anteriores edicións do Concurso e ante as dificultades polas que está pasando na actualidade o pequeno comercio, os servizos persoais e a hostalaría, faise necesario desenvolver un ano máis o Concurso de escaparates do Nadal.

Visto que nesta anualidade quere facerse unha nova distribución da contía dos premios, incrementando a correspondente ao segundo e ao terceiro premio (en 100,00 euros cada un deles), a correspondente aos accesits (en 100,00 euros cada un deles) e reducindo a contía reservada á modalidade de votación popular (en 400,00 euros) para darlle maior relevancia aos premios obxecto de valoración por parte do xurado profesional, sin alterar a cantidade destinada a premios, que se mantén nos 4.000,00 €. Coa finalidade de que siga participando a cidadanía na votación popular, e para reducir as dificultades técnicas experimentadas nos anos anteriores en canto á calidade das imaxes nocturna e a composición das mesmas, os establecementos aportarán soamente unha fotografía do seu escaparate, para poder escollelos mediante o emprego dunha votación telemática ou da ferramenta pola que finalmente opte o Concello. O prazo de inscrición comprenderá o período que vai dende o 1 ata o 16 de decembro de 2024, ambos incluídos, co obxectivo de que os escaparates estean visibles a partir da terceira semana de decembro, ata o 6 de xaneiro de 2025, axudando desta forma o Concurso a motivar e fomentar a instalación de escaparates ambientados no Nadal e a crear un ambiente propicio que axude a aumentar as vendas.

Tendo en conta o informe emitido polo técnico en promoción económica co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local en funcións de data 12 de setembro de 2024 (CVD: *gfg3OqWSEjyOzN4qZYfR*).

Visto o informe da Intervención Municipal de asunto fiscalización da proposta para a aprobación das bases da convocatoria pública do XV concurso de escaparates do Nadal 2024 do Concello de Cambre, enmarcado dentro da campaña de dinamización comercial da área de desenvolvemento socioeconómico. Fase - A. TEDEC 2024/X999/000195, de data 2 de outubro de 2024 (CVC: *FeBKHCXFuDqgK5jSmqxK*)

Visto o o informe emitido polo técnico en promoción económica co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 8 de outubro de 2024, coa finalidade de atender e incorporar ás observacións formuladas pola Intervención Municipal aos efectos de impulsar á tramitación da convocatoria (CVD: *wpbi6qb00+mTdFMMSaSq*).

Visto que existen documentos de retención de crédito con nº de operación 220240009181, por importe de 4.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433 4810 *Becas e premios promoción empresarial*, referencia 22024004337, RC Bases XVI Concurso de Escaparates Navidad 2024 Ayuntamiento de Cambre, de data 26 de setembro de 2024, para o gasto correspondente aos premios e nº de operación 220240009267, por importe de 225,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433 22699 *Otros gastos diversos promoc. activ. económica*, referencia 22024004505, RC Jurado Profesional Premios de Escaparates de Navidad 2024, de data 8 de outubro de 2024, para o gasto correspondente á indemnización dos membros profesionais do xurado.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as Bases para a convocatoria do **XVI Concurso de escaparates do Nadal 2024 do Concello de Cambre**, tal e como se transcriben a continuación, así como a súa convocatoria e modelos de anexos.

Bases de desenvolvemento e participación no XVI Concurso de Escaparates do Nadal 2024 Concello de Cambre

Un ano mais o Concello de Cambre convoca ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalaría do municipio a tomar parte no XVI Concurso de escaparates do Nadal. A perturbación que atravesamos a economía mundial na actualidade, derivada das tensións xeopolíticas, da crise enerxética e do cambio de rumbo da política monetaria motivada polo risco de cronificación da inflación, o incremento dos custes e o cambio de hábitos de consumo, fan que o noso Concello tome especial conciencia da situación pola que están pasando as nosas empresas e, polo tanto, siga apoiando e potenciando aos establecementos que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias derivadas da coxuntura á que nos estamos a enfrontar. Con este Concurso preténdese ademais de potenciar e xerar un maior volume de vendas, valorar e recompensar o traballo e esforzo que nestas datas tan sinaladas fan os/as nosos/as comerciantes, empresarios/as, hosteleiros/as e profesionais cara a consecución dun bo ambiente do Nadal.

Primeira.- Obxecto e finalidade. Esta iniciativa ten por obxecto incentivar ás persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, hostaleiros e de servizos persoais do municipio para que decoren os seus locais, tendo en conta a importancia que ten a súa imaxe sobre os/as compradores /as e, polo tanto, sobre o volume de vendas, especialmente nas datas tan significativas que o Nadal representa. A finalidade é polo tanto facer que a oferta comercial e de servizos sexan atractivos para os/as consumidores/as contribuíndo, a súa vez, a mellorar a humanización dos espazos comerciais do municipio.

Segunda.- Participantes. Poderán participar neste Concurso todas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos comerciais, de servizos persoais e de hostalaría que desenvolvan a súa actividade económica no termo municipal de Cambre, decoren os seus escaparates, e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos todos os requisitos para o exercicio da actividade.
- Ter un establecemento aberto ao público dentro do termo municipal de Cambre.
- Ter escaparate decorado con motivos de Nadal como mínimo durante o período comprendido entre o 17 de decembro de 2024 (día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de inscrición) e o 6 de xaneiro de 2025.

Terceira.- Inscrición e presentación de solicitudes. Para participar no Concurso, deberán presentar no **Rexistro do Concello de Cambre** unha **solicitud de inscrición**, segundo o **formulario aprobado ao efecto** e que se inclúe como anexo I a estas Bases. A solicitude poderá presentarse tamén **na sede electrónica do Concello de Cambre**: <https://sede.cambre.es/opencms/gj/>, sendo esta a modalidade de presentación obrigatoria para as persoas **xurídicas**. A inscrición no Concurso será gratuita.

Tipo de participante	Forma de presentación da solicitude
Persoa física	Presencial nos rexistros do Concello ou na sede electrónica municipal
Persoa xurídica	Obrigatoria na sede electrónica municipal

A solicitude deberá presentarse polo/a autónomo/a ou empresario/a individual ou polo/a representante legal da sociedade ou entidade, no caso das persoas xurídicas, titulares de establecementos de Cambre que contén con escaparates decorados durante a Campaña de dinamización comercial do Nadal.

Cuarta.- Prazo de inscrición. Dende o día 1 de decembro ata o día 16 de decembro de 2024, ambos incluídos.

Quinta.- Fotografía do escaparate para participar na modalidade de votación popular.

As persoas participantes nesta modalidade deberán **presentar unha fotografía do escaparate do establecemento**, en formato dixital JPEG, PNG ou similar. A fotografía **poderá presentarse xunto coa solicitude electrónica ou remitirse por correo electrónico** ao enderezo adl@cambre.org para a súa incorporación á web ou ferramenta habilitada ao efecto polo Concello. En todo caso, o envío deberá efectuarse dentro do prazo de inscrición.

As fotografías cederanse ao Concello de Cambre para a súa publicación na páxina web municipal ou na ferramenta que se designe de cara a tomar parte na modalidade de premio de votación popular ou para posteriores publicacións ou campañas do Concello.

Quedarán automaticamente excluídas as fotografías nas que aparezan persoas que non teñan autorización de uso da súa imaxe.

As fotografías obtidas non poderán alterarse electrónicamente nin por calquera outro medio, non admitíndose fotomontaxes nin tampouco fotografías que non se axusten á finalidade do Concurso e ás presentes Bases.

Sexta.- Premios. Establécense tres modalidades de premios dotados coas seguintes contías:

a) Primeira modalidade: Premios (1º, 2º e 3º)

- Primeiro premio: 1.000,00 € (mil euros).
- Segundo premio: 800,00 € (oitocentos euros).
- Terceiro premio: 600,00 € (seiscentos euros).

b) Segunda modalidade: Accésits

- Accésit ao máis sostible: 500,00 € (cincocentos euros).
- Accésit á adecuación ao produto: 500,00 € (cincocentos euros).

c) Terceira modalidade: Votación popular

- Premio por votación popular: 600,00 € (seiscentos euros).

Para o financiamento destes premios existe crédito na aplicación orzamentaria "433 48100 Becas e premios promoción empresarial" polo importe de catro mil euros (4.000,00 €).

Ao importe destes premios **aplicaranse as retencións previstas na normativa tributaria vixente, aboándose ás persoas gañadoras o importe líquido resultante unha vez practicadas as retencións legalmente establecidas.**

Un mesmo establecemento non poderá resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso.

Sétima.- Desenvolvemento do Concurso.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, elaborárase unha listaxe de establecementos participantes. A estes efectos, e por resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, se aprobará a devandita relación de establecementos admitidos no XVI Concurso de escaparates do Nadal 2024, que se publicará igualmente na páxina web municipal e nas redes sociais municipais, nomeándose as persoas integrantes do xurado e indicándose a ligazón á ferramenta empregada para a votación popular ou o mecanismo que no seu caso se habilite ao efecto.

Os establecementos participantes no Concurso estarán identificados cun cartel ou vinilo que indique a súa participación e que lles será entregado polo Concello de Cambre. Deberá colocarse nun lugar ben visible do escaparate.

As decoracións dos establecementos examinaranse polo xurado, ben de forma conxunta ou individual, a partir do día 17 de decembro de 2024. Non se comunicará previamente aos locais concursantes as datas e horario de realización destas visitas. Pola propia natureza do concurso, o escaparate deberá de ser visible dende o exterior, sen que o seu exame dependa do horario comercial dos establecementos.

Os establecementos participantes comprométese a manter os seus escaparates decorados dende o 17 de decembro de 2024 ata o día 6 de xaneiro de 2025, e non poderán modificalo ao longo do período anteriormente citado.

Oitava.- Criterios de adxudicación dos premios.

a) Primeira modalidade: Premios 1º, 2º e 3º

A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar en cada un dos seguintes criterios por parte do xurado:

- A orientación comercial da decoración, uso do produto, dificultade: ata 3 puntos.
- A creatividade, orixinalidade e innovación da decoración: ata 3 puntos.
- A iluminación do establecemento ou o impacto visual: ata 3 puntos.
- A composición e adecuada distribución espacial: ata 3 puntos.

As dúas persoas do xurado, nomeadas pola súa traxectoria profesional (percentes ao mundo comercial, artístico, da fotografía, do deseño e da decoración, do marketing ou equivalentes, alleas á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal), asignarán a cada un dos escaparates visitados unha puntuación de 3, 2 ou 1 puntos en función da súa valoración de como responden a cada un dos parámetros anteriormente enunciados, correspondendo o 3 a unha valoración moi boa do parámetro avaliado, por riba da media, 2 a unha valoración correcta, na media dos establecementos avaliados e 1 a unha valoración regular, por debaixo da media dos establecementos avaliados.

Xa que haberá dúas persoas avaliadoras profesionais, cada establecemento contará con oito puntuacións, sendo a puntuación total a suma dos valores asignados por cada un dos/as xurados/as profesionais.

O premio primeiro corresponderá ao escaparate que rexistre unha maior puntuación total, o segundo premio ao que rexistre a segunda maior puntuación total e o terceiro ao establecemento que rexistre a terceira das maiores puntuacións totais. En caso de empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á orientación comercial da decoración, uso do produto e dificultade, de persistir o empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á creatividade, orixinalidade e innovación da decoración, de persistir o empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á iluminación do establecemento ou o impacto visual e, por último, de persistir o empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistre unha maior puntuación total en canto á composición e adecuada distribución espacial.

b) Segunda modalidade: Accésits

A adxudicación dos accésits farase polo xurado en función da apreciación dos criterios que se indican para cada un deles, resultando gañadores aqueles establecementos que obteñan respectivamente unha maior puntuación:

- A adxudicación do accésit á sustentabilidade farase tendo en conta o criterio de economía sostible, é dicir, o respecto co medio ambiente e o uso racional dos recursos naturais, materiais reutilizables, etc.
- A adxudicación do accésit á adecuación do escaparate ao produto farase tendo en conta a relación entre a decoración do escaparate e os produtos ou servizos comercializados.

As dúas persoas do xurado nomeadas pola súa traxectoria profesional **asignarán soamente a aqueles establecementos de entre todos os visitados que destaquen pola sustentabilidade ou adecuación do escaparate ao produto** unha puntuación de 3, 2 ou 1 puntos en función da súa valoración de como responden aos criterios anteriormente enunciados, correspondendo o 3 a unha valoración excelente do parámetro avaliado, 2 a unha valoración moi boa do parámetro avaliado e 1 a unha valoración boa do parámetro avaliado. Os accesits en cada unha das categorías outorgaranse aos establecementos que rexisten unha maior puntuación total en cada unha das mesmas. En caso de empate, éste resolverase a favor do establecemento que rexistrase unha maior puntuación na primeira das modalidades de premios.

c) Terceira modalidade: Votación popular

A adxudicación do premio correspondente á modalidade de votación popular farase en función do resultado da votación efectuada a través dos mecanismos establecidos polo Concello de Cambre ao efecto, resultando gañador o establecemento que rexistre un maior número total de votos.

A votación popular realizarase entre os establecementos admitidos para participar no Concurso de escaparates, quedando incorporadas as fotografías achegadas á web, ferramenta ou mecanismo que o Concello empregue para tal fin coa finalidade de poder ser votadas.

Poderá participar na votación popular calquera persoa que acceda a web, ferramenta ou mecanismo que habilite o Concello, coa limitación de que cada persoa soamente poderá votar unha vez, emitindo o seu voto por un único establecemento.

Poderán emitirse votos dende o momento en que se publique na web municipal e nas redes sociais municipais a relación de establecementos admitidos no Concurso de escaparates ata as 24:00 horas do día 26 de decembro de 2024.

No caso no que se detecten irregularidades na emisión de votos, como por exemplo os envíos masivos de votos por persoas rexistradas automaticamente e sen verificar a súa identidade ou mesmo a remisión de votos por medio de bots ou robots ou a remisión de votos procedentes de enderezos I.P. alleos ás entidades emisoras, se procederá á eliminación destes votos.

Novena.- Mecanismo habilitado para a votación popular.

Para computar os votos correspondentes á modalidade de votación popular empregárase unha páxina web propia para o XVI Concurso de Escaparates recuperada polos servizos técnicos municipais a partir da copia de seguridade da creada no ano 2023, que quedará aloxada no enderezo <https://concursoescaparates.cambre.gal/> ou noutro similar, na que poder votar. A web elaborárase a partir da copia de seguridade da empregada en 2023, empregando a ferramenta Wordpress, un CMS ou plataforma de xestión de contidos construída a partir dun software de código aberto, que permite crear e desenvolver sitios web personalizados. Paartindo dunha versión básica de Wordpress, engadíronse mellorass como o rexistro dun dominio ou o plan de sitio web avanzado Word.Press.com Creator, que permitiron instalar os plugins necesarios para poder xestionar o Concurso. No caso de Creator, este contou cun almacenamento de 50 GB e deu acceso a un CMS e á ferramentas de blogging, facilitando temas e patróns, un número de páxinas ilimitado, usuarios ilimitados, historial de cambios nas entradas, newsletter e RSS integrados, protección contra ataques de forza bruta e redireccións intelixentes, garantindo unha presenza online continuada. Proporcionou igualmente estatísticas de visitantes, protección contra spam de Akismet, publicacións compartidas automaticamente en redes sociais ilimitadas, sen anuncios, cun DNS súper rápido con SSL, servizo de soporte por correo electrónico e formularios de contacto. Con este plan accedeuse a temas premium, vídeos 4k con VideoPress, rexistro de actividade do sitio e estatísticas avanzadas, proveendo igualmente un servizo de soporte prioritario, cun amplo número de tutoriais (<https://wordpress.com/es/support/>) e permitindo complementar as estatísticas de WordPress.com cos informes de Google sobre os visitantes e o tráfico do sitio web, mediante Google Analytics, eliminando toda a publicidade de WordPress.com do sitio, facilitando unha personalización avanzada, cambiando a aparencia do sitio grazas as suas fontes e cores e contando cun CSS personalizado, xunto coa posibilidade de mellorar as entradas e páxinas con arquivos de vídeo ou audio. Por último, este plan permitiu engadir plugins ao sitio web (complementos que aportaron funcionalidades extra ou melloras aos programas, sumando a estes características), indispensables para a xestión do concurso. Ademais dalgúns plugins habilitados para mellorar o deseño e a aparencia do sitio, como Metaslider, que

permitiu a incorporación de carruseis de imaxes ou Wp Go Maps, que facilitou a inclusión de mapas no sitio web, os plugins fixeron operativo o Concurso e incorporaron os axustes precisos para cumprir o estipulado nas bases da convocatoria foron Photo Contest WordPress Plugin (que permitiu organizar un concurso de fotografía on line de forma sinxela), User Registration (que facilitou o rexistro de usuarios e o deseño de formularios de login) e Polylang (que engadiu a capacidade multilinguaxe a WordPress). Para poder votar implementouse un sistema de rexistro de usuarios que precisaba da existencia dun correo electrónico válido, debendo de activar cada participante (votante) o seu rexistro a partir dun correo electrónico remitido ao efecto polo sistema antes de poder emitir o seu voto. Deste xeito, asegurouse o cumprimento das limitacións establecidas nas bases en termos de un voto por persoa e un voto por escaparate, evitando os envíos masivos de votos por persoas rexistradas automaticamente e sen verificarse, ou mesmo a remisión de votos por medio de bots ou robots, para o que tamén quedaron recollidas as I.P. de emisión dos votos, o que facilitou poder detectar envíos procedentes de servidores ubicados en orixes con escasa relación co concurso.

No caso de que non sexa posible habilitar unha solución como a do ano pasado, os votos rexistraránse a través dun formulario web, sendo preciso neste caso rexistar un correo electrónico verificado aos efectos de poder votar, incorporándose fórmulas para evitar o envío masivo de correos a través de spam ou mesmo robots mediante o uso de ferramentas como reCaptcha V2 ou V3. O feito de que os votos rexistrados queden asociados a unha folia de cálculo que pode descargarse en tempo real, permitirá realizar actuacións aos efectos de evitar irregularidades na emisión de votos, ao quedar recopiladas tanto a dirección de correo como a hora exacta da votación. Trátase dun recurso menos automatizado, pero que igualmente permite detectar irregularidades na emisión de votos.

Décima.- Adxudicación dos premios correspondentes á terceira modalidade (votación popular).

Rematado o prazo de votación, e partindo dos datos obrantes na web, ferramenta ou mecanismo que o Concello habilite ao efecto, emitírase polos servizos técnicos municipais informe do seu resultado aos efectos oportunos.

Décimo primeira.- Adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda modalidade (xurado).

A adxudicación dos premios correspondentes á primeira e segunda das modalidades (premios 1º, 2º, 3º e accesits), efectuarase a partir da valoración dun xurado composto por dous profesionais do mundo comercial, artístico, da fotografía, do deseño e da decoración, do marketing ou equivalentes, alleas á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal, presidido polo concelleiro delegado da Axencia de Desenvolvemento Local, Turismo e Patrimonio ou pola persoa na que este/a delegue, con voz pero sen voto, actuando como secretario/a un/unha funcionario/a da área de Desenvolvemento Local do Concello. Aos efectos de garantir a obxectividade e imparcialidade no procedemento de adxudicación dos premios, todas as persoas integrantes do xurado asinarán a correspondente declaración de non atoparse incursas en causa de abstención ou recusación reguladas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, conforme ao modelo que se achega como Anexo II.

Os membros do xurado poderán visitar os establecementos participantes no concurso, de xeito conxunto ou individual, a partir do día 17 de decembro de 2024, sen necesidade de que medie aviso previo ao/á propietario/a do establecemento. Para compensar ás persoas que actúen como membros do xurado profesional establececese unha indemnización de 11,25 € por hora concreta de dedicación, cun máximo de 112,5 €, correspondéndolle a súa recepción unicamente aos profesionais do xurado alleo á organización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal e ao Concello. Esta contía determinouse a partir do salario establecido no Convenio colectivo de comercio vario da provincia de A Coruña, en vigor ata o 31 de decembro de 2025, publicado no BOP do mércores 21 de xuño de 2023, tomándose como referencia o salario mensual correspondente á función de escaparata para o ano 2024, de 1.340,03 €, cun cómputo anual máximo de 1.790 horas e quince pagas, o que determina un custe horario de aproximadamente 11,25 €, cunha dedicación estimada máxima de 10 horas.

Unha vez finalizado o termo da votación popular, e emitido informe dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local relativo ao resultado da mesma, procederase a emitir o fallo do xurado para as modalidades primeira (premios 1º, 2º e 3º) e segunda (accesits), tendo en conta que na presente convocatoria do XVI Concurso de Escaparates de Nadal, un mesmo establecemento non pode resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso, polo que, unha vez se coñeza o resultado da votación popular, o establecemento co escaparate co maior número de votos na modalidade votación popular será excluído automaticamente do fallo do xurado.

O fallo do xurado quedará reflectido na correspondente acta, que será inapelable.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o considera oportuno. A participación suporá a aceptación da decisión do xurado.

Décimo segunda.- Pago dos premios.

Con carácter previo ao pagamento dos premios, comprobarase que as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos premiados propostos polo xurado e o que resulte máis votado na votación popular, estean ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia e que non sexan debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións ou por calquera outro concepto. Unha vez feita a comprobación, aqueles establecementos que teñan débedas non poderán ser perceptores do premio. Así mesmo, as persoas ou entidades participantes, mediante a sinatura da súa solicitude de participación no Concurso, autorizan ao Concello a realizar as comprobacións oportunas.

O alcalde, ou concelleiro en quen delegue, ditará resolución de aprobación de concesión dos premios das tres modalidades do concurso, dándose esta a coñecer a través da páxina web do Concello e das redes sociais municipais.

Posteriormente, ditarase resolución de recoñecemento e liquidación das obrigas en concepto de premios do XVI Concurso de escaparates do Nadal 2024, así como do seu aboamento. Na mesma resolución ditarase o recoñecemento e liquidación da indemnización fixada para compensar ás persoas que actúen como membros do xurado profesional, estimada en 11,25 euros/hora, cantidade que será cuantificada a partir do informe sobre as horas concretas de dedicación de cada membro do xurado profesional realizado polos servizos técnicos municipais, que se liquidará mediante transferencia bancaria. Para o financiamento destas indemnizacións existe crédito na aplicación orzamentaria 433 22699 "Outros gastos diversos promoc. activ. económica" polo importe de douscentos vinte e cinco euros (225,00 €).

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que non concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Os premios faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos titulares dos establecementos premiados. Para a realización do pagamento deberá presentarse polo beneficiario certificado do núm. IBAN de conta corrente titularidade do premiado.

Décimo terceira.- Aceptación das bases.

O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar** as **bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e que se quedarán expostas na páxina web municipal www.cambre.es. Ditas Bases poderán consultarse por calquera persoa interesada.

Con relación ás fotografías dos escaparates, os/as participantes ceden ao Concello de Cambre o dereito non exclusivo, gratuíto, perpetuo, irrevocable e completamente sublicenciabile para usar, reproducir, modificar, adaptar, publicar, traducir, crear obras derivadas, distribuír, e expoñer as mesmas.

Ao mesmo tempo, para participar no Concurso, cada participante declara e garante:

- Que as imaxes son unha creación súa e que non se apropiou delas, non as copiou, e que non derivan en parte ou na súa totalidade doutro traballo gráfico.
- Que non está violando ou infrinxindo ningún dereito de autor, marca rexistrada, privacidade ou dereito publicitario, ou calquera outro dereito persoal, de propiedade ou de propiedade intelectual de calquera persoa ou entidade.
- Que a súa fotografía non é difamatoria, inxuriosa, obscena ou ilegal de calquera outro xeito.
- Que é da súa propiedade única e exclusivamente e que ten os dereitos de distribución completos sobre a mesma.

Quedarán automaticamente descualificados e fora do Concurso os/as participantes que achegen fotografías ou contidos coa súa solicitude que non respecten as cuestións anteriormente indicadas.

Rexeitaranse do mesmo xeito as imaxes ou os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten conta a dignidade e/ou decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública, que sexan contrarios aos dereitos de terceiros/as sen o seu consentimento, que sexan contrarios a honra e á imaxe das persoas físicas e xurídicas, que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros), que non teñan relación co Concurso. Quedarán automaticamente descualificados e fora do Concurso os/as participantes que achegen fotografías ou contidos coa súa solicitude que se axusten a algún perfil dos descritos anteriormente.

Coa aceptación das Bases do Concurso, os/as participantes asumen que a cesión de dereitos sobre as fotografías coas que poidan participar non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da participación no Concurso conforme as presentes Bases.

Coa aceptación das Bases do Concurso, os/as participantes consinten na realización dos axustes técnicos que por mor das necesidades da web ou ferramenta tecnolóxica habilitada ao efecto deban de realizarse na fotografía que remitan.

O Concello de Cambre non será responsable no caso de mal funcionamento da rede Internet que impida o normal desenvolvemento da modalidade de premios da votación popular por causas alleas ao Concello de Cambre. No caso de que non sexa posible dispoñer dunha web ou ferramenta tecnolóxica habilitada ao efecto para poder efectuar a votación popular, poderá cancelarse a modalidade de premios da votación popular por parte do Concello.

De producirse incidencias que afectasen de forma significativa ao desenvolvemento ordinario do concurso, pese aos mecanismos que se habiliten para evitar a emisión de votos irregularidades na modalidade de votación popular, poderá cancelarse esta modalidade de premios por resolución do Concelleiro delegado de desenvolvemento local, patrimonio e turismo.

Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128
adl@cambre.org

ANEXO I: SOLICITUDE PARTICIPACIÓN XVI CONCURSO ESCAPARATES NADAL 2024

DATOS DO/A PARTICIPANTE					
Apelidos e nome (empresario/a individual ou autónomo/a)					
Denominación social (persoa xurídica)					
Nome comercial					
NIF					
Actividade					
Enderezo					
C.P.		Localidade		Provincia	
Telefono/s		Correo electrónico			
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de persoas xurídicas)					
Apelidos e nome					
DNI/NIE					
En calidade de					
DATOS DO/A DECORADOR/A (de ser o caso)					
Apelidos e nome					
Cargo ou relación co establecemento					
FORMA NA QUE SE ACHEGA A FOTOGRAFÍA DO ESCAPARATE					
<input type="checkbox"/>		En formato electrónico xunto coa solicitude na sede electrónica do Concello			
<input type="checkbox"/>		Por correo electrónico			
LEMBRE ACHEGAR UNHA FOTOGRAFÍA DO SEU ESCAPARATE PARA INCORPORAR Á WEB					
<p>Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as Bases deste Concurso. A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas na base oitava, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre. A presentación da presente solicitude comportará a autorización para a obtención de fotografías dos establecementos e/ou as persoas participantes no Concurso, así como para a utilización das imaxes do escaparate aportadas polo solicitante cos fins establecidos nestas Bases.</p>					
<p>Cambre, ____ de _____ de 2024</p> <p>Sinatura do titular ou representante legal</p>					
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>					

ANEXO II: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CAUSAS DE ABSTENCIÓN OU RECUSACIÓN

DATOS DO MEMBRO DO XURADO				
Apelidos e nome				
Tipo de xurado		<input type="checkbox"/> Profesional <input type="checkbox"/> Concelleiro da área ou persoa na que delegue <input type="checkbox"/> Funcionario/a da ADL que actúa como secretario/a		
NIF				
Enderezo				
C.P.		Localidade		Provincia
Telefono/s		Correo electrónico		
<p>Ao obxecto de garantir a obxectividade e imparcialidade no procedemento de adjudicación dos premios correspondentes ás modalidades do xurado do XVI Concurso de Escaparates do Concello de Cambre, a persoa abaixo firmante, como membro do xurado, DECLARO:</p> <p>Primeiro. Que estou informado/a de que o artigo 23 Abstención, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións nos que se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte, sendo estas:</p> <p>a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do que puidera influir a de aquél, ser administrador/a de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algunha persoa interesada.</p> <p>b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con cualquera dos/as interesados/as, cos/as administradores/as de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos/as asesores/as, representantes legais ou mandatarios/as que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con éstos para o asesoramento, a representación ou o mandato.</p> <p>c) Tener amizade íntima ou enemistad manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.</p> <p>d) Ter intervido como perito ou como testigo no procedemento do que se trate.</p> <p>e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquear circunstancia ou lugar.</p> <p>Segundo. Que me comprometo a poñer en coñecemento do Concello de Cambre sen dilación calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dé ou puidera dar lugar ao antedito escenario.</p>				
Cambre, ____ de _____ de 2024				
Sinatura da persoa compoñente do xurado				
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>				

Segundo: Aprobar o gasto correspondente por importe total de **catro mil douscentos vinte e cinco euros (4.225,00 euros)**, imputables ás aplicación orzamentarias 433 48100 “Becas e premios promoción empresarial” (4.000,00 euros) e 433 22699 “Outros gastos diversos promoc. activ. económica” (225,00 euros).

Terceiro: Publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria do XVI Concurso de Escaparates do Nadal 2024 do Concello de Cambre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto: Dar traslado aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.”

Aberta a quenda de intervencións (.../...).

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 8 de outubro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Morales Barrientos, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 8 de outubro de 2024 (CVD: FYzKRp73yfms6BgJf0H8), polo que devén en acordo nos termos transcritos.»

E para que así conste, e para os efectos da incorporación ao expediente da súa razón, e coa salvidade e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro), asino esta certificación por orde e co visto e praxe da señora alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta. Cambre, na data da sinatura dixital.

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira

Visto e praxe

A alcaldesa

María Dolores Pan Lesta